

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

RESOLUCIÓN do 21 de abril de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se designan os membros e se fai pública a composición do tribunal que elaborará, supervisará e avaliará a proba que substitúe o requisito de titulación de bacharelato para o acceso ás ensinanzas artísticas superiores e para o acceso ás ensinanzas deportivas de grao superior para o curso 2022/23.

As resolucións da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, do 7 de abril de 2022, polas que se ditan instrucións para o acceso e admisión do alumnado ás ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática, de Conservación e Restauración de Bens Culturais, de Deseño e de Música para o curso 2022/23 (DOG do 21 de abril), e a Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, do 7 de abril de 2022, pola que se convocan probas de acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2022/23 (DOG do 21 de abril), establecen que o tribunal que elaborará, supervisará e avaliará a proba que substitúe o requisito de titulación de bacharelato será designado pola persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

De conformidade co establecido nas citadas resolucións do 7 de abril de 2022,

RESOLVO:

Primeiro. Designar os membros do tribunal que elaborará, supervisará e avaliará a proba que substitúe o requisito de titulación de bacharelato para o acceso ás ensinanzas artísticas superiores e para o acceso ás ensinanzas deportivas de grao superior para o curso 2022/23, e facer pública a súa composición, que é a que figura no anexo desta resolución.

Segundo. Os membros deste tribunal terán dereito á percepción de asistencias de acordo co establecido no capítulo IV do Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

Terceiro. Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2022

José Luis Mira Lema
Secretario xeral de Educación e Formación Profesional



ANEXO

Tribunal titular		Tribunal suplente	
Presidenta	Isabel Serna Masiá	Presidenta	Rosalía Polo Cal
Secretario	Fernando Fernández Fraga	Secretario	Rubén Vázquez Rodríguez
Vogal 1º	Lourenzo Álvarez Ruiz	Vogal 1ª	María Victoria Cerviño Ferrín
Vogal 2ª	María Soledad Castellanos Merayo	Vogal 2ª	Raquel González García
Vogal 3º	Manuel Mira Martínez	Vogal 3ª	Nuria Campo Campo
Vogal 4º	José Manuel Piñeiro Mourín	Vogal 4ª	Ana María López Díaz
Vogal 5º	Francisco Javier Poch Gutiérrez	Vogal 5ª	María Rosario Ureña Lara
Vogal 6ª	Raquel Rodríguez Blanco	Vogal 6º	Juan José Lago Leis

